



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL
Expte. 223/1102

ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26 DE OUTUBRO DE 2017.

- 1.- Acta da sesión ordinaria e extraordinaria do 11 de outubro de 2017.

CONTRATACIÓN

- 2.- Proposta de adxudicación da contratación do subministro de renovación das instalacións de produción de auga quente sanitaria (AQS) do pavillón da ETEA, a conexión aos paneis solares existentes e o seu mantemento durante o prazo de garantía. Expte. 1229/611.
- 3.- Proposta de adxudicación das obras de renovación dun ascensor no edificio da Casa Consistorial do Concello de Vigo. Expte. 3.994/440.
- 4.- Modificación do contrato do servizo de conservación e reposición de zonas verdes na Cidade de Vigo. Expte. 9772/446.

DEPORTES

- 5.- Proposta de autorización para a organización da 5ª edición da "Carreira solidaria pola esclerosis múltiple", o domingo 29 de outubro de 2017. Expte. 16392/333.
- 6.- Proxecto de convenio de colaboración co centro público IES San Tomé de Treixeiro pola utilización da instalación municipal do pavillón do Carmen en Travesas para impartir a docencia das clases de educación física. Expte. 1470/611.
- 7.- Proxecto de convenio de colaboración co centro escolar público do IES Teis para a utilización da Instalación do Pavillón municipal de Teis para impartir a docencia das clases de educación física. Expte. 1471/611.
- 8.- Proxecto de convenio de colaboración co centro escolar público IES A Guía para a utilización de instalacións deportivas municipais para impartir a docencia das clases de ciclo superior en actividades físico deportivas. Expte. 1472/611.
- 9.- Proxecto de convenio de colaboración co centro escolar público do IES Santa Irene para a utilización de instalacións deportivas municipais para impartir a docencia das clases de educación física. Expte. 1473/611.

- 10.- Proxecto de convenio de colaboración co centro escolar público do CEIP Altamar para a utilización de instalacións deportivas municipais para impartir a docencia das clases de educación física. Expte. 1474/611.

FESTAS

- 11.- Proxecto de convenio de colaboración coa Federación de Peñas Recreativas El Olivo para a organización da festa do Magosto 2017. Expte. 7156/335.

IGUALDADE

- 12.- Proposta de autorización para organizar o evento ENLAZAVIGO 2017, do 15 ao 27 de novembro, con motivo da conmemoración do 25 de novembro, Día Internacional contra a violencia de xénero. Expte. 7925/224.

MONTE, PARQUES E XARDÍNS

- 13.- Proposta de aprobación do "Proxecto de ampliación do parque infantil da Praza da Independencia". Expte. 9848/446.

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

- 14.- Dar conta dos contratos menores tramitados no Servizo de Normalización Lingüística durante o mes de setembro de 2017. Expte. 2312/334.

PARTICIPACIÓN CIDADÁ

- 15.- Proposta de creación do ficheiro de datos de carácter persoal "Videovixilancia dos centros municipais de distrito" e inscrición na Agencia Española de Protección de Datos. Expte. 3788/321.

SERVIZO AREA DE CULTURA

- 16.- Proxecto de contrato de depósito das obras "As Tres Dounas" do Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía no Museo Municipal "Quiñones de León". Expte. 6009/337.

SERVIZOS XERAIS

- 17.- Proxecto básico de construción dun pavillón deportivo na rúa Manuel Cominges de Matamá. Expte. 3562/443.

URBANISMO

- 18.- Dar conta do pase a vía de constrinximento de multas urbanísticas. Expte. 9944/407.



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL
Expte. 223/1102

19.- Constitución da entidade urbanística de conservación do PERI IV-09, baixada a San Roque. Expte. 5179/401.

20.- Rogos e preguntas.

DECRETO DE CONVOCATORIA

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión ordinaria na súa Sala o día **26 de outubro de 2017, ás 9,00 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local; á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e ós demais membros do grupo político municipal do PSdG-PSOE . Fágase público no taboleiro da Casa do Concello para ós efectos de información.

CCA/me.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez